

# DISTURBIOS

Cyril Schäublin, 2022

# 1069

ESTREA EN NUMAX: 24.02.2023 | V.O.S.G. | 93 min

As novas tecnoloxías están a transformar unha cidade reloxeira do século XIX en Suíza. Josephine, unha moza traballadora dunha fábrica, produce a roda de disturbios, que xira no corazón do reloxo mecánico. Exposta a novas formas de organizar o diñeiro, o tempo e o traballo, involúcrase no movemento local dos reloxeiros anarquistas, onde coñece ao viaxeiro ruso Piotr Kropotkin.

«Delicia intelectualmente  
estimulante e formalmente  
atrevida»

Jessica Kiang, VARIETY



## Entrevista con Cyril Schäublin: «Un reloxo ten unha influencia decisiva en como contamos a historia»

Por Teresa Vena

**Que fontes tiveches á túa disposición para preparar o filme?** As memorias de Kropotkin, nas que fala sobre a súa viaxe a Suíza. Ademais, o libro *Anarchist Watchmakers in Switzerland*, de Florian Eitel, publicado hai dous anos. O enfoque micro histórico do autor foi crucial para escribir o guión. Mostra como nunha cidade pequena no século XIX, se condensaron varios avances globais. E por último, quizais a fonte máis importante de todas foi *La condición obrera*, de Simone Weil, que pertencía á clase media pero traballou nunha fábrica de aceiro en París e describe as súas experiencias.

**Cales eran os conceptos que quería combinar no filme?** Primeiro, a miña avoa, a miña bisavoa e tías avoas que se encargaban de facer estes mecanismos para reloxos e traballaron en fábricas. Logo, fun consciente de Kropotkin e, en xeral, do movemento anarcosindicalista en Suíza e na industria reloxeira. Na década de 1870 e 1880, Suíza era o centro deste movemento internacional. Interesábame o tema de facerlle fronte ás novas tecnoloxías. Como as confrontou a sociedade e como facemos agora? Como a tecnoloxía permite formar unha sociedade e crear identidades? Ademais, este período da historia resúltame fascinante porque non só marca o inicio do movemento anarquista, senón que tamén se pregunta como nos organizamos, como confrontamos o poder e a distribución da riqueza. Tamén os estados-nación intentan crear unha identidade nacional tal como os anarquistas intentaban construír a súa identidade, usando por exemplo a axuda das cancións. Outras ferramentas importantes eran a fotografía, o telégrafo e a medida do tempo. Mostran como foi construír esta realidade e como segue sendo real no presente.

**O reloxo é unha metáfora moi complexa. Que che interesaba deste tema?** Un familiar reloxeiro díxome unha vez, cando lle preguntei que significaba o tempo para el, que é necesario distinguir o fenómeno físico do tempo, que segue sendo un misterio, da medida do tempo. Un reloxo pode entenderse como unha serie matemática que define unha secuencia de eventos. Ten unha influencia decisiva en como contamos a historia, como encadeamos os feitos. Aínda que o concepto do reloxo é algo moi interiorizado, recorda á construción. Pero ter en conta isto permíteche pensar as construcións ou estruturas alternativas posibles.

**Onde gravaches exactamente? Foi difícil crear unha estética que recordase ao século XIX?** O movemento anarquista tivo lugar no val de Saint-Imier na década de 1870 e desprazámonos cara alí. Buscamos edificios do século XIX onde puidésemos gravar. Coa directora de fotografía, Silvan Hillmann, percorremos e exploramos a zona. No proceso, coñecemos persoas que remataron actuando no filme. Foi interesante traballar con camioneiros, granxeiros ou reloxeiros da rexión e reunilos con amigos meus da cidade, e ver como recreaban xuntos situacións do século XIX.

**Como desenvolviches o concepto visual? Os personaxes están moitas veces nas marxes, parcialmente abafados pola tecnoloxía.** En canto ao fotograma, para min era importante que observaras unha serie de situacións cotiás da vida no século XIX. Obviamente, ao filme gustaríalle falar sobre o noso presente xustapoiando escenas ambientadas na década de 1870. Poñer as persoas e o idioma nas marxes do fotograma quizais faga máis visibles as situacións recreadas, deixando espazo para que os espectadores creen o seu propio punto de vista.



Na librería  
**NUMAX**  
[numax.org/librería](http://numax.org/librería)

*La Moral Anarquista,*  
Piotr Kropotkin.  
El viejo topo, 2017

*El apoyo mutuo,*  
Piotr Kropotkin.  
Pepitas de Calabaza, 2016

*Fijaos en la Naturaleza.*  
Piotr Kropotkin.  
Pepitas de Calabaza, 2021